



AS NOSAS COUSAS



Revista trimestral do Colexio de Educación Infantil e
Primaria de Galán Oseiro-Arteixo (A Coruña)
Número 35 XUÑO, 2017








PADRIÑOS E MADRIÑAS 23 DE ABRIL: DÍA DO LIBRO



EQUIPO
DINAMIZACIÓN
LINGUA GALEGA

CEIP GALÁN OSEIRO - ARTEIXO

NA GRANXA-ESCOLA O VENTOSO



Carlos Casares Mouriño, naceu en Ourense o 24 de agosto de 1941.

Pasou a súa infancia na vila ourensá de Xinzo de Limia xunto cos seus pais Francisco e Manuela e os seus dous irmáns.

Estudou Humanidades no Seminario de Ourense e continuou os estudos de Filoloxía na universidade de Santiago de Compostela.

Durante este tempo publicou relatos na revista Grial e, en 1967, publicou na Editorial Galaxia a súa primeira obra, «Vento ferido».


Entrou na Real Academia Galega no ano 1978, sendo daquela o membro máis novo de todos eles. Participou en política chegando a ser membro do primeiro parlamento galego. Grazas ao seu traballo, xunto ao doutros parlamentarios, aprobouse a Lei de Normalización Lingüística e a creación do Consello da Cultura Galega.

Escribiu moitas obras de literatura infantil chegando a ser director da Editorial Galaxia e da revista Grial.

Casou con Kristina Berg, unha rapaza sueca, coa que tivo dous fillos: Hakan e Christian.

Carlos Casares faleceu o 9 de marzo de 2002 en Vigo.

A Real Academia Galega adícalle o Día das Letras deste ano, 2017.



CARLOS CASARES MOURIÑO



«LOLO ANDA EN BICICLETA»
FOI EDITADO EN 1996 E RECI-
BIU O PREMIO RAÑOLAS AO
LIBRO MELLOR ILUSTRADO.

Deus sentado nun sillón azul
conversa co Ánxel Fole.
Falan dunha galiña azul
que ten un peteiro de cores.

Na conciencia de Galicia
viaxa un vento ferido
coma na conciencia de Alicia
e nos escuros soños de Clío.

Xoguetes para un tempo prohibido
atrapados nun país de palabras
mentres o galo de Antioquía fai o seu niño
Toribio ri a gargalladas.

Un polbo xigante de cor vermella
no sol do verán pasea polo mar
nos seus traxes un gran destello
que o deixan bailar e cantar.


O can Rin e o lobo Crispín
pasean polo bosque,
a carón dunha ponte
fan un cambio en tres calcetíns
e beben dunha ilustrísima fonte.

Xogando con Toribio ás agachadas
e coa bicicleta de Lolo
atopamos as laranxas máis laranxas
e as follas do diario máis tolo.



CARLOS CASARES

LAURA VERDES, 5º C



A verdade é que levo pouco tempo neste colexio, pero neste pouco tempo que levo fixen moi bos amigos: cos que rin, divertinme e aprendín a ter máis paciencia.

A verdade é que estou cheo de sentimentos: tristeza, porque me vou deste colexio e moitos dos meus amigos vanse para outro instituto e por outra banda estou feliz, porque lles desexo o mellor e tamén porque vou facer máis amigos.

O que máis desexo é voltar a ser pequeno para ver de novo aos meus amigos e pasar outra vez polos bos momentos que vivimos xuntos. Seguramente a maioría dos nenos e nenas que cheguen a primaria desexarán que o colexio peche. Eu díxeno unha vez e non o volvín repetir na miña vida xa que non podería ver aos meus compañeiros.

Agradezo que Montse, a miña profesora, me ensinara tanto. A verdade é que non sei como agradecerllo.

Por último, deséxolles o mellor a todos. Sorte e a seguir esforzándose!




Este ano, xustamente o día 10 de maio, os nenos de sexto de primaria, tivemos o pracer de coñecer a unha gran escritora galega, Leticia Costas.

Na visita fixémoslle algunhas preguntas a Leticia e puidemos escoitar algunha das súas anécdotas, coma a do seu avó, un gran condutor, ou a da súa avoa.


Despois, contounos as moitas viaxes que fixera para ensinar os seus libros, foi ata a Arxentina!, e a chea de escritores galegos que coñecía.

Falounos tamén dun libro no que está a traballar, o terceiro en relación con *Escarlatina, a cociñeira defunta* e *Esmeraldina, a pequena defunta*, un libro con información sobre os personaxes dos dous libros anteriores, teño moitas ganas de que o publique.

Ao final da visita, asinounos os libros que tiñamos escritos por ela. Grazas a esta visita puidemos coñecer mellor a Leticia Costas, unha escritora encantadora.



LEDICIA COSTAS



Todo comezou cando nos subimos ao bus para tomar o camiño ata Santiago de Compostela para visitar o Parlamento Galego, tardamos unha hora e media aproximadamente.

Cando chegamos alí, baixámonos do autobús e entramos por un

fermoso portalón. Leváronos a unha sala ategada de cadeiras, a Sala do Rei, na que tamén había moitos cadros do monarca. De alí pasamos a outra sala onde nos sentamos e vimos un video do noso parlamento. Era estupendo!

Visitamos tamén a biblioteca, onde falamos e debatimos con outro grupo de quinto doutro colexio de Arteixo e, case ao rematar, ensináronos os cadros, a entrada principal, as esculturas...

Ao final da visita fumos ao hemiciclo, onde a guía que nos acompañaba sempre, díxonos que nos sentáramos e preguntáramos o que quixésemos. Cando todos preguntábamnos as nosas dúbidas a guía chamou a dous nenos de Galán e a dous de Arteixo para que faláramos dende a tribuna.

Alí saín eu e foi superdivertido!

Foi unha experiencia máxica!



A miña experiencia no colexio foi como un climograma: «unhas veces sube e outras baixa». Con esta frase quero representar que unhas veces estou moi contenta e outras bótome a chorar. Deste o meu colexio lévome amigos e compañeiros. Unhas veces digo que quero marchar e outras non quero que remate, porque unhas veces estou moi alegre pero outras enfádome cos amigos ou cos profesores.

Quero agradecerlle ao meu colexio, que para min foi como a miña segunda casa, todos os momentos que me fixo vivir.

Tamén lle quero agradecer aos meus mestres o seu traballo xa que me axudaron moito na miña aprendizaxe e agradecerlle aos meus amigos que estiveran aí nos momentos que máis os necesitei.

QUÉROTE GALÁN E NUNCA TE ESQUECEREI!



Ola, queridos amigos e amigas:

O colexio de Galán ten 35 anos. Trinta e cinco anos!
Xa é moi vello e témolo que coidar. Porque é o noso deber e porque no colexio...

Traballamos, xogamos, convivimos, facemos amigos e amigas...

Ás veces nos aburrimos e...

O colexio pagámolo todos e todas cos nosos impostos.

Por iso poñémosvos esta listaxe do que custan as cousas dunha aula do colexio.

Lembrádevos: **VAI FACER 36 ANOS O COLEXIO!!!**

OBXECTO	UNIDADES	PREZO	TOTAL
MESA ALUMNADO	25	50,00	1250,00 euros
CADEIRA ALUMNADO	25	40,00	1000,00 euros
MESA PROFE	1	275,00	275,00 euros
CADEIRA PROFE	1	77,57	77,57 euros
CORTIZA (1MX2)	2	120,00	240,00 euros
VILEDAS	1	68,05	68,05 euros
ENCERADO VERDE	1	100,00	100,00 euros
ARMARIO CON ANDEIS	1	169,9	169,90 euros
ARMARIO 2 PORTAS	2	315,00	630,00 euros
MESA LABORATORIO	1	125,00	125,00 euros
PERCHEIROS	3	35,00	105,00 euros
OUTROS	13		1073,00 euros

TOTAL

5113,52 euros

Hai unhas semanas, o mércores, tres de maio, viñeron os alumnos e alumnas da Universidade da Coruña ao noso colexio.

Viñan para poñer en marcha un Taller de Matemáticas nas aulas de sexto. Ao principio todos estabamos moi nerviosos, pero co paso do tempo fómonos sentindo máis a gusto. Foi moi, moi divertido e fascinante.

O primeiro que pensamos é que faríamos uns exercicios de estatística moi pesados, pero foron todo o contrario.

Aqueles dous días foron uns nos que máis me rin. Eran todos moi graciosos e simpáticos (tamén eran moi listos...) e levámonos moi ben.

Ao final, cando esas dúas sesións remataron, botéinos de menos. A verdade é que se lles colle cariño moi rápido. Gustoume tanto que volvería repetir con moito gusto.

Ah! e dámoslles as grazas por vir.

Ata logo universitarios!!! E para rematar unha pregunta.. Por que non imos nós a visitalos á Universidade?



O pasado martes, 9 de maio, os alumnos e alumnas de 2º A fomos de excursión á granxa-escola O Ventoso, que está no concello da Laracha.

Alí vimos pavos reais, galiñas, ocas, cabras e xabaríns.

Tamen fixemos un bolo de pan con forma de caracol e tivemos a sorte de poder montar a Riana e Piruleta, dúas égoas moi boas.

Pasámolo xenial!





POLICÍA



DÚAS NENAS




LORENZO



GALIÑA AZUL



LEONCIO



ALCALDE

SOL E LÚA



CAN



VECIÑO DOS OVOS



A GALIÑA AZUL

de Carlos Casares
GRUPO DE TEATRO DE 2º C



PRESENTADOR

PERIODISTA



PORTEIRO




VECIÑAS




A GALIÑA AZUL (2)



Todo comezou un día no que Lourenzo saíu dar un paseo e se encontrou con seis veciños. Despois falaron con dúas nenas que eran encantadoras e amables. Encontrouse co cocineiro e Lourenzo deulle tres ovos: un verde, un amarelo e outro rosa. O cocineiro alucinou cos ovos de Lourenzo! O porteiro envioulle unha carta a Lourenzo. A carta dicía que querían quitarlle a galiña azul e que a entregara no Concello. Lourenzo non obedeceu e non entregou a galiña. O alcalde enfadouse e nunca, nunca, nunca, nunca descubriron cal era a galiña azul.



A GALIÑA AZUL (3)



Este excelente grupo de alumnos e alumnas merece os aplausos recibidos e moitos máis polo traballo realizado, pola súa motivación, implicación e adicación. Foi moi gratificante acompañalos nese percorrido, na elaboración da escenografía, na caracterización dos personaxes, na montaxe... Gozamos de cada ensaio e colaboramos cun único fin: aprender gozando co teatro.



Miguel, o can

Aldara, veciña

Foi moi divertida. Sentín ilusión polo que fixen.

Gustoume porque estiven coa profe e os compañeiros.

A galiña azul gustoume. Era rara.

Antonio, o Sol

Encantoume cando eu fixen rir ao público.

Foi un soño para min. Cando falei tembláronme as pernas.



Yaiza, nena

Alex, Leoncio

Noa, veciña

Iria, veciña



Cando ía actuar estaba nerviosa. Despois estaba alegre.

Aroa, Lúa

Sobre todo encantoume actuar para a miña irmá.

Todo foi moi divertido. Esforzámonos e ao final saíu ben.

Xa non teño medo porque xa actuei diante de todos.



Sabela, veciña

Martín, presentador



Rubén, veciño



Ilusionoume moito pero tamén sentín moita vergonza.

Dábame vergoña pero ao final sentín moita ilusión.

Nerea, veciña

Felipe, policía

Sentinme orgulloso e fixen un esforzo. Despois tiven éxito.

Cando rematou sentinme aliviada de que todo saíra ben.

A obra encantoume. Tantos ensaios mereceron a pena.

Cristina, periodista

Ensaíamos moitísimo. Aplaudiunos todo o colexio



Gloria, nena

Samuel, veciño



Sentinme moi ben e gustoume moito.

Os aplausos impulsaron para seguir ben... e moito.

Joel, galiña azul

Todos aplaudiron e felicítáronme os meus amigos.

Alba, porteira

Pablo, alcalde

Levei dúas cartas dun lado a outro. Aplaudíronnos todos.

Infantil, 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º quedaron ilusionados!

Martín, Lourenzo





Hai moitos anos vivía nunha remota aldea un neno pequeno que se chamaba Pedro, aínda que todos os veciños o coñecían por Pedro do Bolo.

Este era un neno que andaba sempre desaliñado, que era moi inquedo e tiña unhas ocorrencias moi increíbles, polo que os seus veciños, que xa eran algo maiores, mofábanse del.

Un día estaba a mirar para o alto dun monte cercano á súa aldea e dicíalles aos seus veciños:

-Xa veredes! Polo alto dese monte chegará un día en que pasen os coches.

E os seus veciños entre risas dicían:

-Ai, ai, ai! Este Pedro do Bolo está tolo!

Pedro do Bolo foi medrando e sempre progresou no que facía ata que se converteu nun enxeñeiro con moita sona que levou a cabo un proxecto no cal se fixo unha estrada polo alto do monte que el dicía, cando era pequeno, que pasarían os coches.

Agora, algúns daqueles veciños que se rían e mofaban del, sempre contan que nunca se debe subestimar a un neno porque non sabes o que pode chegar a ser no futuro.

E ata aquí a historia de Pedro do Bolo... que non estaba tan tolo!



SOFÍA GARCÍA,
ROCÍO DOMÍN-
GUEZ E ALBA
RIVAS, 6º C

AS HEROÍNAS DO ESPAZO

DEBUXOS: SOFÍA, ROCÍO E ALBA, 6º C



Ímosvos contar unha historia que sucedeu no ano 2.034.
Viaxamos ao futuro, pasa algo?
Acabárase a comida e a auga e tivemos que montar nunha nave para ir a un planeta semellante á Terra e que, por sorte, tiña comida e auga.
Entramos e metémonos na cámara de hipersono para durmir douscentos anos.
Cando espertamos decatámonos de que o piloto desaparecera, pero polo menos ningunha de nós as tres desaparecera.
Tivemos que pilotar nós e non sabíamos onde estábamos. Pasaron dous anos e a nave comezou a esfarelarse, pero por sorte chegamos a un planeta descoñecido onde habitaba o monstro das tres cabezas.
Vimos unha luz azul, seguímola e tocámola.
Convertímonos en superheroínas do espazo. Loitamos contra o monstro de tres cabezas e gañamos.
O mellor é que descubrimos que tiñamos superpoderes e volvimos a casa... voando!



Había unha vez unha rapaza chamada Amanda que lle apaixonaba a danza. Un día chegoulle unha carta dicindo: «Inauguramos na cidade unha escola de danza, chamada «Nunca te rendas», e buscamos alumnos e alumnas. Faremos unhas probas de selección o vindeiro martes dende as 18:00 horas ata ás 19:00 horas. Os interesados e interesadas que se presenten na escola»

Amanda ilusionouse moito coa noticia. E acudiu ás probas o martes.

Amanda bailou o mellor que puido e fixo todos os mellores pasos que ela sabía. Ao rematar o seu baile preguntoulle ao home que estaba a facer a selección:

-Como o fixen?

O home, que resultaba ser o director da escola contestou:

-Fatal! ti non tes talento para isto!

Amanda saíu da escola e guindou as zapatillas á papeleira. Pero intres despois, cavilando o que custaban as zapatillas e o que lle gustaba bailar, deu a volta e recolleu as zapatillas do lixo. Mentres volvía para casa dicíase a si mesma:

-Non me vou render, mañá voltarei á escola e intentareino de novo.

Ao día seguinte Amanda volveu presentarse na escola e díxolle ao director:

-Podo intentar bailar de novo?

O director contestou:

-Xa estás dentro da escola, Amanda.

Amanda extrañada díxolle:


-Pero se nin sequera me deches tempo para bailar...

-Xa o sei, pero a túa actitude positiva e de non renderte xamais é abondo para estar dentro da escola. Por certo, onte bailaches moi ben, máis é o que lles digo aos novos alumnos que queren formar parte da escola -respondeu o director.

Amanda ficou como a nena máis leda do mundo.



COMO SE CHAMA O PORCO QUE VOA?



COMO SE CHAMA O IOGURT QUE ANDA POLO BOSQUE?



A NAI DE JAIMITO DILLE:

-JAIMITO, VAILLE DICIR A TÚA IRMÁ QUE O SINTES.

JAIMITO VAI XUNTA SÚA IRMÁ E DILLE:

-IRMANCIÑA, SINTO QUE SEXAS TAN FEA!



JAIMITO, JAIMITO! NON COLLAS NADA DO CHAN!

MINUTOS MÁIS TARDE A AVOA CAE E DILLE:

-JAIMITO, AXÚDAME!

-SINTOO AVOA, NON PODO RECOLLER NADA DO CHAN.




UN MONSTRO CHEGOU...



UN MONSTRO CHEGOU AO COLE
UN DÍA SEN AVISAR,
SEN SABER O QUE SENTÍA,
SE RIR, BERRAR OU CHORAR.

ERA O MONSTRO DE CORES
O MONSTRO DAS EMOCIÓNS.
CON EL XOGANDO E FALANDO
VASTE SENTINDO MELLOR.



MOITO NOS GUSTABA O MONSTRO
SEMPRE DISPOSTO A AXUDAR,
CON EL VOLVEMOS Á CALMA
DESPOIS DE NOS ENFADAR.



**E POR FIN CHEGA O ENTROIDO...
XA PODES ADIVIÑAR,
QUE DE MONSTRO DE CORES
QUIXÉMONOS DISFRAZAR.**



**SE NON SABES SE ESTÁS TRISTE,
LEDO, CALMO OU ENFADADO,
VÉN E PREGÚNTALLE AO MONSTRO...
NON ESTARÁS NAMORADO?**





Érase unha vez moitos minions que estaban na Terra e estaban moi aburridos así que decidiron facer algo especial.

Un dos minions dixo:



-Por que non facemos algo distinto e imos á Lúa?. Todos puxéronse moi ledos e comezaron a construír a nave.

Cando estivo preparada, faltaba outra cousa importante: quen a pilotaría.

Un minion chamado Stuart ofreceuse voluntario. Así foi como os minions emprenderon a viaxe á Lúa.

Despois dun tempinho chegaron ao seu destino e comezaron a xogar e a saltar, e cando querían regresar decatáronse de que non tiñan gasolina para poder voltar á Terra.

Entón decidiron, entre todos, quedarse a vivir a Lúa.






Cando chega o verán, Xián prepara a súa maleta para ir á aldea dos seus avós, que está na montaña. Este ano non podía esquecerse de levar o microscopio que lle regalara a madriña.

Estaba moi contento xa que con el podería explorar todos os misterios da natureza e investigar cousas sobre os insectos que tanto lle gustaban.

-Xa estou aquí -dixo Xián. Preparádevos xoaniñas, abellas, bolboretas, escornabois, cabaliños do demo...



Púxose a buscar entre as herbas da leira e, de súpeto, non podía crer o que vían os seus ollos: era unha «mantis relixiosa», unha barbantesa do tamaño dunha rocha. Increíble!



-Non me mates -dixo a mantis- e farei o que me pidas.

Quedei pampo cando oín falar aquel becho tan grande.

-Gustaríanme ter un gran xardín na miña casa para poder investigar os insectos co meu microscopio.

-Iso está feito, sempre e cando prometas coidar deles e non matalos.


E así foi como por fin o meu soño se cumpríu e o meu xardín está fermoso e cheo, cheíño de vida.

Enriba das nubes
hai unha orquestra
composta por gaitas
tambores e pedras.



Pedras?. Si, pedras.
Xuntiñas e quietas
nunhas maracas metidas,
pedriñas pequenas.

O día tornouse
gris, **negro**.
As nubes chegaron.
Hai **fiesta** no ceo!



Son tambores, **gaitas**,
trona, lostrega.
As maracas romperon!
Corre a casa!
Que **SARAIBA**, meu neno.





Ola!!... son Iago... na primeira parte contei que temos galiñas, un galo e un can, Xacomín, pois agora uniuse ao grupo un raposo que vai de moi bo pero é raposo e quere comer as galiñas e máis ao galo, enganando a Xacomín.

Pola noite baixa do monte e anda dando voltas para ver como dorme o can,


pero Xacomín dorme un pouco cun ollo e un pouco co outro para non perder de vista ás galiñas.

Unha noite baixou o raposo do monte amodiño, na punta do pé, para non espertar ao can pero, coma sempre, Xacomín estaba esperto dun ollo e viu que o raposo fixera un burato moi grande para entrar no galiñeiro con mala idea.

Xacomín chamou a un can amigo que vive ao seu carón e que ten, coma el, un colar moi chulo de ferro e foron cara ao raposo. O raposo mordíunos no pescozo e rompíu os dentes todos no colar de ferro.

O raposo baixara do monte na punta do pé pero para voltar subiu ao monte a todo meter e mentres corría cara arriba dicía:

-Ai, meus pés, meus peáns, se non fora por vós comíanme os cans!



Dende esa noite o raposo abandonou o grupo para sempre e agora Xacomín, o galo Pepe e as galiñas viven felices na casa de Canzobre.

Por certo, falando de Canzobre, este ano hai festa!!! Só se fai cada sete anos porque lle toca un ano en cada aldea. Imos toda a familia e amigos porque ata o ano 2024 non volverá a ser; xogaremos con Xacomín, así que... estades todos convidados!!! Todos menos o raposo, claro.

DUNIA
DAHMOUNI, 4ºB

A TARTARUGA DE MAR

DEBUXO: CINTIA SEIJAS MALLO, 3º A




Era unha tartaruga de mar que non sabía nadar. Esa tartaruga chamábase Mariña.

Ninguén sabía o que lle pasaba. Seus pais crían que tiña unha enfermidade, pero o doutor Xurxo díxolles que non tiña unha enfermidade e que o que lle pasaba é que lle faltaban as aletas e non era unha tartaruga de mar. Era unha tartaruga de terra, por iso non podía nadar e que esa tartaruga fora adoptada por outras dúas tartarugas de mar.

O pai de Mariña dixo que por iso o ovo era máis pequeno que os outros ovos.

Un venres pola noite unha tartaruga adulta estaba buscando á súa cría e Mariña saíu á superficie e recoñeceu á súa nai. Ela tamén a estaba a buscar e foi así como Mariña foise coa súa nai verdadeira.





Unha vez unha pirata chamada Catalina saíu a navegar no seu barco, cando de súpeto topou cunha illa deserta onde vivía un paxariño azul e laranxa.

Catalina baixou do seu barco e achegouse ao paxariño, deulle o millo que levaba no seu barco para poder facer pan e o paxariño comezou a comer o millo moi contento.



Catalina decatouse de que o paxariño estaba triste e só, entón a pirata montou no seu barco e foi en busca doutros paxariños da mesma especie. Levounos á illa deserta para facerlle compañía ao paxariño azul e laranxa.

O paxariño púxose tan feliz que se achegou a Catalina e amosoulle canto llo agradecía. Catalina puido ver o feliz que era agora o paxariño.

Un tempo despois Catalina volveu á illa e... o paxariño era pai!. Pai de dous fermosos pititiños, un azul e laranxa coma el e o outro rosado e violeta coma a nai.

O paxariño xa non estaba só nin triste. Agora tiña unha familia e moitos amigos.





Érase un rapaz que soñaba en ser astronauta e sempre llo pedía aos seus pais e estes sempre lle dicían que non tiña a idade aceptada.

E cada día que pasaba íase facendo máis longo. Pero un día se lle ocorreu facer un foguete e cando pasou un mes ou dous, intentou facelo despegar. Pero cando ía cruzar a atmosfera rachou e foi caendo e caendo e non tivo máis remedio que usar o paracaídas.

Salvou a vida pero os seus pais se preocuparon porque podía ter morto e castigárono.

Cando xa foi maior pediulle os seus pais que se podería ir co seu pai á Lúa e dixéronlle que si.

E foron. O foguete despegou e chegaron sans e salvos á Lúa e volveron á Terra onde lles agardaba un gran banquete.





Lúa era unha nena de sete anos que vivía nunha pequena aldea co seu avó. Lúa era a única nena da aldea, daquela non tiña amigas e gustáballe xogar cos animais da granxa.

Unha tarde que Lúa estaba recollendo amorodos escoitou un ruidiño nun arbusto, e como era moi curiosa saltou cara alí para ver que era ese ruído. Atopou unha cría de tigre, alí, mortinho de frío.

Lúa recolleuno e levouno para a súa casa, pero non llo dixo ao seu avó, porque el dicía que os tigres eran moi feros e perigosos.

Lúa cuidou do tigrino e convertiuse no seu mellor amigo. Pero unha noite de inverno... Escoitouse un ruxido enorme, era a mamá tigresa que estaba furiosa e quería ao seu cachorro.

Cando a tigresa ía saltar enriba de Lúa, o seu ami-quiño defendeuna, e o avó ao escoitar o ruxido cargou a escopeta para dispararlle, pero Lúa impediuo. A tigresa entendeu que non todas as persoas son malos cazadores e o avó entendeu que non todos os tigres atacan á xente.

Os animais, o mesmo ca nós, aprenden o que lles ensinan. Así, Lúa e o tigrino seguiron sendo amigos e cuidándose o un do outro para sempre.






Un día estaban as froitas aburridas no parque e decidiron facer unha competición para ver cal sería a máis rápida de todas.

A señora Piña sería a encargada de dar a saída, mentres na liña agardaban a mazá, a pera e a laranxa.

E comezou a carreira. A señora mazá ía nun patinete, mentres que a señora laranxa competía no seu coche e a señora pera ía na bicicleta que lle prestou o amigo plátano.

A carreira transcorría con normalidade ata que de súpeto, sen saber o motivo, a señora mazá saíu despedida do seu patinete e esnafrouse contra unha árbore.

Minutos máis tarde a señora pera colleu unha pedra na roda da súa bicicleta e deu un chimpo tan grande que acabou dentro dunha fonte, e así foi como a señora laranxa conseguiu gañar a carreira, aínda que tivo que rematala rodando porque se lle pinchou unha roda do seu coche.



Tomás era un rapaz ao que non lle gustaban nada os libros.

Ler considerábalo unha perda de tempo para a xente que non ten nada que facer.

Ademais Tomás era un pouco lacazán e como as notas non foran moi boas, seu pai castigouno nas vacacións sen televisión,

nin internet, nin play...

Por sorte tiñan unha pequena horta detrás da casa e pasaba alí o tempo sen facer nada mirando inmóbil os pequenos animais que se movían por alí.

Como non tiña nada mellor que facer empezou a reparar nos comportamentos dos animais. Viu como o caracol se metía dentro dun repolo e ía comendo e comendo ata que en pouco tempo comíao todo.

Por iso, Tomás pensou que o caracol non era moi listo porque tiña que cargar sempre coa súa casa ao lombo, e o que lle podía servir de casa, tan pronto entraba nela, comezaba a devorala. Tamén pensaba que as formigas estaban tolas de vez. Non facían máis que andar correndo dun lado para outro, todas xuntas, con présa... para non chegar a




ningún lado.

Todos estes comportamentos tan estranos íaos anotando para despois consultalo en internet cando seu pai o deixara. Pero tentado pola curiosidade non puido agardar máis tempo e comezou a ollar unha enciclopedia que había na casa. Aos poucos foi aprendendo que os animais son máis listos do que parecen e todo o que fan ten algún motivo.

Tamén aprendeu cousas curiosas como que as formigas cando morren desprenden un cheiro que lle indica ás outras a súa posición e cando a atopan entérrana. Que hai un peixe que se mete dentro da boca dos crocodilos e límpalle os dentes dos refugallo de comida que lle quedaron alí e o crocodilo non lle fai ningún dano ao peixe. Que as miñocas teñen dez corazóns...

Tomás decatouse de que poñendo estas cousas por escrito era a única forma que temos de que o que sabemos non se perda aínda que chegue un día no que a electricidade deixe de existir.

Co paso do tempo Tomás fíxose maior e convertiuse nun famoso escritor e biólogo moi recoñecido.





Cando a miña nai era pequena e vivía en Morás a súa familia tiña unha porca moi gorda e grande. Pero un domingo meu avó foi dar de comer á porca e... Sabedes que pasou? A porca escapara!

E a porca foi dereitiña á porta da igrexa. Era a hora da misa e a igrexa estaba chea.

Cando o avó chegou a porca entrou na igrexa e no medio do pasillo dixo:

-Oinc!!!

O avó escoitou algúns berros e risas. Non quixo pasar a vergoña de ir buscar a porca.


-Eu non entro na misa a coller a porca! -dixo o avó.

Volviu a casa e agardou a que botaran á porca fóra da igrexa.

-Onde está a porca? -preguntou a avoa.

-Na misa. Cando remate vouna buscar -respondiu o avó.


E así foi. Cando a porca saíu da igrexa o meu avó foina buscar.



Para participar no Euroconcursoazo só tes que ler a revista, cubrir os pasatempos, recortar pola liña e introducir esta folla no monstro azul do recibidor do colexio. O agasallo será... **sor-presa modelo verán 2017**. Rápido e... sorte!

LABIRINTO

Que camiño ten que tomar Carlos Casares para chegar a coller o seu libro?




NOME E APELIDOS


CURSO

O ENCRUCILLADO TERRIBLE

Despois de ler a revista, non terás problema en solucionar este encrucillado. Ah, podes pedir axuda. Sorte, de novo!



- 1.- Apelido do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas.
- 2.- Moble da aula que usa o profesorado e que custa 275 euros.
- 3.- Por ela tiña paixón Amanda.
- 4.- Como se chama o porco que voa?
- 5.- Chegou sen avisar para visitar aos nenos e nenas de infantil.
- 6.- De que cor é a galiña galega máis famosa do país?
- 7.- A esa granxa-escola da Laracha foron de visita os de segundo e montaron a cabalo, fixeron pan...
- 8.- Nome da escritora que visitou o noso colexio, autora de «*Esmeraldina a pequena defunta*» e que se apelida Costa.
- 9.- Nome do neno a que todos coñecían polo alcume «do Bolo»
- 10.- Nome da amiga de tigrño.
- 11.- Localidade de Arteixo onde está a igrexa na que apareceu un porco na misa.
- 12.- Institución galega que visitaron os de 5º. Nesta institución os parlamentarios e parlamentarias elaboran as leis de Galicia.
- 13.- Nome do rapaz ao que non lle gustaban nada os libros.



NO PARLAMENTO GALEGO

E AGORA... AO INSTITUTO!!!



SEXTO A

DE PÉ: RAQUEL, a profe, ALEX LÓPEZ, AINARA, HÉCTOR, SERGIO, ADRIAN, IVÁN, ÁLEX ALLER, DANI, PABLO, AITANA, NAHIR, AINHOA VARELA, MARTA, LORENA.

SENTADOS: JORGE, BRAIS, MANUEL, MARCOS, ANXO, ELENA, AINHOA IGLESIAS.

SEXTO B

DE PÉ: ASSYA, PAULA, SANDRA, DIEGO, PEDRO, ALFREDO, MONTSE, a profe, XAVIER, JUANJO, ALEX, HUGO, UXÍA VARELA, ISABEL.

SENTADOS: MÓNICA, ALEJANDRA, ÓSCAR, UXÍA CALVETE, CESÁREO, LAURA, IVÁN.



SEXTO C

DE PÉ: JUAN, JOÃO, MATEO, CÉSAR, CHRISTIAN, SHOALY, SOFÍA, ROCÍO, IRIA, MENCHU, a profe, JOAQUÍN.

SENTADOS: BRUNO, ÁNGEL, ELMER, PAULA, DIEGO, ANTONELLA, GABRIEL, MIGUEL.



4º DE INFANTIL: OS NOVOS



4º DE INFANTIL

DE PÉ: DIANA, a profe ROI, PABLO MARTÍNEZ, MIRIAM, ACHRAF, ARTAI, RUBÉN, CRISTINA, a profe, MARTA, ARIADNA, MARIO E HUGO.

SENTADOS: NADIR, MATEO, ÁLEX, DIEGO, JULIO, PABLO REGUEIRA, IRENE, NOA, YAGO, CARLOTA, ALEJANDRA E THIAGO.



EQUIPO DINAMIZACIÓN
DA LINGUA GALEGA

MONTSE SOUTO
ADRIANA GARCÍA
Mª CARMEN GARCÍA
JULIO PEDROSA
Mª CARMEN IGLESIAS
ARMANDO X. HERRERO



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

